

VOCABULARIO BÁSICO AGRESIVIDADE.

1. **AGRESIVIDADE OU AGRESIÓN INTRAESPECÍFICA:** Dirixida contra ou cara aos individuos da mesma especie. De natureza adaptativa, en termos evolutivos, con vistas á supervivencia da especie, por exemplo, acceso dos machos dominantes ás femias durante as épocas de apareamento, previo mecanismo de selección natural a través dos enfrontamentos entre os propios machos en disputa. Nas demais especies do reino animal, non supón a morte dos individuos, dado que este tipo de agresión de base biolóxica, instintiva e xeneticamente determinada, conta con mecanismos (tamén instintivos) inhibidores da agresión, por exemplo, mostrar o ventre ao macho vencedor. No caso dos humanos, esta forma de agresión pode ter resultado de morte entre individuos da mesma especie. A agresión nos seres humanos non está suxeita a causas exclusivamente biolóxicas de natureza instintiva; por tanto, tampouco existen estímulos propiamente naturais que inhiban a agresión.
2. **AGRESIVIDADE OU AGRESIÓN INTERESPECÍFICA:** Dirixida contra ou cara aos individuos doutras especies. Con carácter xeral, tamén é unha conduta adaptativa, falando en termos evolutivos, favorecedora da supervivencia da especie; por exemplo, a actividade da caza como conduta depredadora sobre outras especies animais.
3. **AGRESIVIDADE:** Impulso ou tendencia para executar condutas agresivas ou de agresión (pero non a execución da conduta como tal).
4. **AGRESIÓN:** Conduta agresiva ou de agresión exteriorizada, observable.
5. **VIOLENCIA:** Conduta violenta que non ten unha base biolóxica ou natural, senón de tipo social ou ambiental e que se caracteriza polo seu carácter extremadamente lesivo ou dañino.